

ALCANTARAZ


ANO IX

Nº 8

AGOSTO 2017



MACEDÁ DE LÍMIA
OURENSE



ALCATRUZ



AGOSTO 2017
Nº 8
Ano IX

SUBVENCIONAN:



*Foto Portada:
Rúa As Canteiras*

EDITA:

A. C. "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez
Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

José Luis Rodríguez

MONTAXE:

Yolanda Lloves Álvarez

COLABORACIÓNS:

Santiago Prol
Luis Del Campo Prol
Xosé Parente Durán
J. Pedro Prol Quintas
M^a Jesús Lage Quintas
Juan Prol Cid
M^a Carmen Aldemira Requejo
Pilar Aldemira Requejo
Milagros Aldemira Requejo
José Manuel Pascual Ramos

AGRADECEMENTOS:

Francisco Nóvoa Rodríguez
Antonio Pérez Guede

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (IX)	3
Unha casa labrega da corga da serra	6
Como pasa o tempo!	10
A procesión da N ^a S ^a das Neves: costumes e evolución	14
As fábricas de gasosas	17
Os nosos antigos retablos nas igrexas de Maceda.....	20
Pasatempos	24
Poemas	25
No val de Maceda (Parroquia a Parroquia): Santiago de Zorelle.....	28



LIMIAR

Quen que se achegue ó Val do Medo, por calquera dos catro puntos cardinais, vaise atopar cunha gran diferenza entre o que deixa e o que atopa. A acción xenética dos grandes movementos tectónicos, dislocacións e fracturas do vello S. Mamede deron lugar -xunto coas escorrentas de auga- a tres ríos principais e centos de regatos, unha morfoloxía caprichosa de outeiros, pequenos vales, chairas, e no medio do val unha gran planicie.

O viaxeiro atopará un pobo a cada canto. Cada un deles, coa súa propia morfoloxía adaptada ós recursos que lle son máis pretos, aproveitando os materiais que a mesma natureza lles ofrece nese lugar. Así na falda do S. Mamede, o sistema construtivo é maioritariamente de lousa ou xistro como lle din agora. E na zona da Cabeza da Meda e no val o sistema construtivo é máis de pedra granítica. Todos eles están asentados en lugares estratéxicos nos que aproveitar os recursos naturais, entre eles a auga, de aí que en case que todos nos poidamos atopar con muíños, de río ou de regato.

Dende esta pequena publicación queremos animar non só ó viaxeiro senón tamén ás nosas xentes, as xentes do Val do Medo, a pescudar no inmenso patrimonio do que somos garantes e moitas veces descoñecedores.

En definitiva, a todo aquel que teña a ben colaborar e ser partícipe deste proxecto que **É DE TODOS E PARA TODOS!**



VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (IX)

Santiago Prol

O bispado de Ourense, a comezos do século XX, enmarcábase dentro dunha sociedade fondamente agraria e tradicional. Porén, non era allea aos problemas sociais, políticos e relixiosos do seu momento coas novas correntes liberais e modernistas que ían agromando (Barreiro: 1981).

TRADICIÓN POPULAR

Aínda que había miseria e pobreza no mundo rural, con saldos migratorios constantes cara América que debilitaron económica e demograficamente á provincia de Ourense, a vila de Maceda trocouse -pola contra- no motor económico da bisbarra. Existía unha burguesía local ben asentada, profesionais medios, emprendedores e comerciantes. Tamén todo un mundo agrario e gandeiro. Mantiñan pulo as feiras os días 4 e 20 de cada mes e os mercados dos xoves e domingos. No ano 1900 o alcalde de Maceda era Aureliano Ferreiro Carballo. En 1902 foi relevado como rexedor polo comerciante e banqueiro Matías Bobillo Bazal. Aureliano Ferreiro volvería á alcaldía (1909-10). En

1917 chegaría a deputado provincial polo distrito Allariz-Trives e a presidente da Deputación de Ourense, dende febreiro de 1929 até febreiro de 1930. Hogano a avenida central da vila de Maceda leva seu nome. O fillo do alcalde e terratenente Matías Bobillo Bazal, outrosí chamado Matías Bobillo Bobillo, fixo a carreira de Dereito. Acadaría a alcaldía de Ourense -con só 35 anos- entre 1925 e 1926, en plena Ditadura de Primo de Rivera. Tamén fora deputado provincial e logo maxistrado de Traballo en Palencia. Asentado no franquismo en Madrid cun bufete de referencia, finaría no ano 1972. Hogano descansa no cemiterio parroquial de Maceda. O seu irmán Álvaro, que nacera en Maceda en 1889, fora un pediatra recoñecido en Madrid, mesmo cunha rúa ao seu nome. Falecera asasinado alí en novembro de 1936 por membros radicalizados do Ateneo Libertario.

No ano 1900 o concello contaba con 4.948 habitantes de dereito. O 7 de maio de 1902, o bispo Pascual Carrascosa de Ourense (1896-1904), aprobou a fundación

do Círculo Católico de Maceda, presidido por Cándido Calvo e Manuel Estévez como consiliario [o clérigo local que representaba á institución milenaria naquela asociación]. Inspirado na doutrina da Igrexa procuraba afastar aos obreiros de posicións belixerantes. Facía chamamentos á paciencia, disciplina e caridade cristiá, propugnando a harmonización do capital e do traballo. No Círculo Católico de Maceda impartiría conferencias de contido relixioso e social o presbítero ilustrado, orixinario da vila, Manuel Vidal Rodríguez (1871-1941), que naquela altura residía en Madrid. Pascual Carrascosa tomara posesión da diocese en maio de 1896. Os últimos anos do seu episcopado [morrreu con só 57 anos] pasounos en Xunqueira de Ambía onde mandara habilitar unha residencia. Tamén representara como senador en Madrid ao arcebispado de Santiago (1899-1900). Fora substituído en Ourense polo bispo navarro Ilundain y Esteban (1905-1921), que dispuña -ao chegar- dun informe demoleedor:

“El dialecto gallego no es





obstáculo, pues el pueblo entiende el castellano, y en castellano se expiden los documentos oficiales tanto de la administración eclesiástica como civil, y en la capital y pueblos importantes [Maceda], se hace la predicación en castellano. Ni tampoco creo que obispo alguno de la región gallega predique o haya predicado en gallego, ni que la circunstancia de hablar ese dialecto haya sido considerada como importante para la designación de prelados en el territorio de Galicia (...). El pueblo de Orense es sencillo y dócil, y por tanto más fácil de gobernar” (Figueiredo: 2006).

Cara o ano 1910, Maceda andaba polos 5.000 habitantes. A vila tiña rexistradas oficialmente 654 persoas de dereito. A maioría dos veciños vivían nos 54 asentamentos das parroquias. Había na vila fábricas de gasosas, telleiras ás aforas e oleiros na parroquia de Tioira. Mantiña un activo e importante comercio co norte de Portugal e da súa renomeada feira saían os mellores exemplares de gando para Castela e Estremadura. Tiña transporte diario dende Ourense, que mesmo che-

gaba até Baños de Molgas e ao Santuario dos Milagres. Naquela altura o alcalde era Aureliano Ferreira, o secretario Manuel Ramos, o xuíz municipal Ricardo Hernández Araújo, o fiscal Antonio Villa Fernández e

o secretario do fiscal Adolfo Pumar Builla. Ademais do párroco Manuel Estévez, había un mestre -José Casar Fernández- e unha mestra -Eduarda Oubiña- nas escolas da vila.

Tamén unha aula de párvulos de padroado real a cargo de Eusebia del Riego [nai do poeta Xosé Lois Parente]. Daquela as doce parroquias contaban con

sacerdote, escola e profesorado. A sucursal do Banco de España estaba a cargo do emprendedor Matías Bobillo Bazal. A vila contaba con cuartel da garda civil [nel nacería o cardeal Quiroga Palacios co século]. Tamén tiña rexistrados naquela altura catro avogados, un notario, dous médicos, un veterinario [o pai de Benigno Álvarez], tres cafés e billares, tres carnicerías, unha academia privada, cinco tendas de comestibles, dúas confeitерías, dous negocios de coitelos e navallas, dúas droguerías, dúas farmacias,

dúas ferraxerías, tres talabarteiros, dúas abacerías, catro negocios da construción, dúas olarías, tres estancos, tres zapaterías, un negocio de ataúdes, unha fábrica de chocolate, tres tratantes de gando, cinco panaderías, tres perruquerías, un taller de pirotecnia, un serradoiro, dous xastres, tres tabernas, varias mercerías... Tamén había almacéns de viños e de xamóns, de tellas e ladrillos, muíños, mestres de obras, froiterías do país, tecidos, fondas, quincalleiros, recadei-



ros, modistas, ferreiros, carpinteiros, ferradores, canteiros, follateiros, servizo de carruaxes, sociedades varias...

Aínda que demograficamente Maceda seguía medrando por mor da súa dinamización comercial [en 1930 acadaría os 5.919 habitantes de dereito], nas primeiras décadas do século XX, houbo movementos migratorios de toda a contorna cara Arxentina, Cuba, Uruguai e Brasil, polo efecto chamada de familiares asentados alén mar. Na Ditadura de Primo de



Rivera (1923-30) erguéronse varias pontes e camiños no concello de Maceda. Tamén se urbanizou a rúa principal da vila con empedrado. Celebrouse anualmente a festa da árbore e houbo concursos de gando. Construíuse a rede de sumidoiros urbana e reparouse a Vereas, o antigo camiño medieval cara Ourense por Santa Mariña. A Federación Católica Agraria amosou certa incidencia. Salientar o caso do sindicalista Eloy Vidal, xa que logo este mestre, concelleiro de Maceda nos anos da Ditadura de Primo de Rivera e correspondente na vila do diario calvosotolista *Galicia*, “foi o primeiro dirixente do Sindicato Católico Agrícola de Llamamá-Os Milagres, que tiña un boletín mensual, *La Voz del Pueblo*, de forte orientación antirrepublicana e antisocialista, no que acusaba de bolxevismo aos seus opositores” (Valcárcel: 1997). En 1937 Eloy Vidal chegaría á alcaldía de Maceda “por orde da autoridade militar”.

A comezos dos anos vinte achegouse a Maceda o escritor británico Aubrey Fitz-Geral Bell, un estudoso das culturas ibéricas, que estaba a facer unha viaxe literaria polo Noso País. No seu libro *Galicia vista por un inglés* (1922), recuperamos a foto fixa que tirou da terra de Maceda, cando tivo a ben pasar unha fin de semana outoniza polo Val do Medo:

“Os homes, cando van á misa en Maceda, visten de veludo negro ou castaño, ou con pana marrón, con camisas brancas sen gravata e con sombreiros de feltro, maiormente negros. As mulleres, de facianas longas e ovaladas, levan panos marróns ou carmesís, e tanto as mulleres como as rapazas

usan corpiños que chegan, non até o van, senón até o xeonllo. Os cativos de Maceda, vestidos de pana marrón e con enormes puchas azul escuro, apañan as castañas que destelaron. Os castiñeiros cobren a aba da montaña que aparece xusto por riba de Maceda; ao pé dela Francos é un acio de tellados pardos entre castiñeiros. Máis alá hai unha serra escura e alta e toda a contorna ten espléndidos bosques de castiñeiros. Entre Maceda e as montañas levántase, nun outeiro da chaira, o convento dos Milagres como un castelo” (Bell: 1922).



BIBLIOGRAFÍA

Barreiro Fernández, X.R. (1981): *Historia de Galicia IV*.

Bell, A. F-G (1922): *Galicia vista por un inglés*.

Hernández Figueiredo, J. R. (2006): *Cuadernos de Estudios Gallegos LIII*, nº 119.

Prol, S. (no prelo): *Manuel Vidal, un presbítero ilustrado de Maceda*.

Prol, S. (inédito): *Maceda na Historia*.

Valcárcel López, M. (1997): *O papel das elites urbanas na Galiza non urbana da Segunda República: o exemplo ourensán*.

www.ourensenotempo.blogspot.com.es

www.fcarballo.org.

UNHA CASA LABREGA DA CORGA DA SERRA

Luis Del Campo Prol

O silencio, somentes roto polo tinklear das esquilas das vacas que rumiaban na corte que estaba por baixo e, do follo do xergón que a avoa remexía todas as mañás, enchía a escuridade da grande estancia da casa na que se facían as comidas das festas e matanzas.

Era un cuarto grande. O máis grande da casa, con dúas camas e un grande armario de dúas portas cun caixón no fondo e unha gran mesa presidía o medio do cuarto. As paredes caleadas, pasadas por o tempo, dábanlle unha cor branca deslucida, feitas de listóns e pallabarro, dividían unhos cuartos de ou-

tros. Unha fiestra cara ó poñente era toda a luz que entraba nela. O chan de grosas táboas de castaño asentadas en pontós que descansaban nas grosas vigas de cerne separábana da corte das vacas que proporcionaban un agradable calorciño no frío inverno. O faio, cos pontós vistos e unhas grosas tá-



Cara surleste
da casa.



boas que o aislaban do tellado a dúas augas, latado con delgadas táboas de castaño e tella do país por riba por entre as que o vento asubiaba nos días da balouca. O cuarto tiña un máis pequeno cara ó abrente con unha pequena fiestra tamén pola que se vía o lameiro da casa e o río.

A avoa erguíase pola mañán cedo para preparar o café e o cheiriño espallábase por toda a casa. Había que erguerse despois que ela viñera abrir as contras de madeira que tornaban o frío e a luz. Volta para un lado, volta para o outro, os follos de millo do xergón non calaban ata que te erguías! Deste grande cuarto, propio de toda casa galega, saíase cara a un espacio aberto que daba para o corredor que miraba cara ó sur, con balaústres de madeira e tellado por riba, donde puña a avoa a roupa a secar nos días de inverno. Iste corredor tiña un pequeniño cuarto que nunca soupen ben para que era, só algúns cachi-baches había elí. Escondido tras dun palleiro, lembro á miña avoa botarlle algo ós Felos que viñan de Castro, camiño dos pobos da corga da serra, e

eu morto de medo agardando que pasaran o río camiño de Escuadro. Neste espacio aberto, con porta para o corredor, estaba a arca do pan, una grande arca donde se gardaba o grau ata levalo ó muíño e tamén donde se gardaba, entre o grau, o pan despois de cocelo no forno comunal do pobo. Ata 15 días se conservaba perfectamente. E cara á esquerda atopábase o cuarto dos avós, frente ó corredor. O cuarto era pequeno, daba cara ó lameiro da casa, con unha cama e unha mesilla, pero tiña unha particularidade que ningún dos outros cuartos tiña: Unha trapa, unha porta no chan, que comunicaba coa corte por unha escaleira, por se de noite paría unha vaca ou unha porca e non ter que saír por a palleira.

A seguir había un pequeno pasillo que separaba a cociña de outro cuarto donde se gardaban as cebolas, patatas, chourizos, xamóns e todo o que se recollía para todo o ano. A cociña estaba, coma o corredor, cara ó Sur. Frente á porta estaba a lareira, co lume no chan, ca súa gremalleira para colgar os potes, tres pés para pór a tixola ou as potas e os

potes e potas a carón das brasas. As paredes estaban negras do fume e dos anos. Tiña unha fiestra cara ó camiño pra donde daban as portas da palleira e da corte. Debaxo da fiestra, un fregadeiro de pedra asentado na parede cun pequeno desagüe cara a fóra. Todo o teito, por baixo do tellado, era un canizo para secar as castañas. Coma as ripias dun hórreo, descansaban sobre os pontós, deixando pasar o fume e a calor do lume. Quince días duraba cada seca, remexéndoo de cando en vez para que secaran ben e poder gardalas todo o ano, ou vendelas para mercar o aceite, sucre e outras cousas que non se precuraban na casa. Según se entraba na cociña, á dereita pegado á parede, estaba o oleiro donde se colocaban as olas nas que se traía a auga da fonte para beber ou cociñar. Por riba estaba o alzadeiro de madeira donde se puñan os pratos e as cuncas. Contra a parede da dereita estaba a artesa, donde se gardaba a comida que sobraba, o pan e algún cacho de xamón ou chourizos. No medio, unha mesa non moi grande con taburetes ou selas. Na parede, á esquerda, había unha pe-

quena alacena feita na mesma parede para pór algún cacharro. O candil de aceite era a luz das longas noites de inverno. Esta era a parte de arriba da casa. Saíase de ese pequeno pasillo para unha escaleira que remataba na palleira. Casa e palleira eran toda unha e non había que saír para fóra. A porta principal era a entrada á palleira. A parte de abaixo da casa era a corte das vacas e dos porcos. Da palleira pasábase á corte dos porcos. A separación dos cortellos feita con táboas ou con

maseiros de pedra tamén. As vacas presas nas paredes e os becerros en un cortello agardando que a avoa os botara a mamar mentras ela muxía a vaca e o avó lle enchía os pesabres de boa herba. As cortes estaban, ben estradas con toxos e palla, e a herba que caía da pexegueira das vacas, polo que o cheiro era doce coma a terra mollada tras a treboada. Tiña dúas portas grandes para que poidera entrar o carro, tanto para estrar coma para sacar o esterco. Pra as vacas abrí-

ase somentes unha, pero polo día cando estaban na corte, tiña outra media porta ou cancela para que estivese ventilada a corte.

Por baixo da escaleira que subía para a casa había dous fornos pequenos que nunca os vin encender. Ó lado da escaleira había unha porta que daba para o lameiro da casa polo que discurría a caldeira de regar as curtiñas, os lameiros e os eidos de millo. A caldeira tería cáseque un km., estendéndose dende a presa de por baixo



Cara noroeste
da casa.



das Balsas, por riba do pobo, ata cáseque Barxela. A palleira era grande, con grosas paredes de louxas e xeixos coma a casa. Nela gardábase o carro e todos os apeiros grandes: a grade, o arado,... e, tamén, todos os apeiros miúdos: sachos, engazos, aixadas,...

As paredes, tanto da casa coma da palleira, eran de louxas e pedras gras e xeixos colocadas sen argamasa dun groso de 80 cm, con lumieiras de louxa ou de pedra de gran do país. A palleira tiña unha gran porta carral para que entrase o carro cargado de leña ou de herba, pois todo se gardaba nela.

As grandes vigas con tixeira que sotiñan o tellado da palleira non apoiaban nas paredes, senón en grosos paus de punta, de un metro máis ou menos, para que quedara un espacio libre entre a parede e o tellado e así a herba poidese ventilar e que non anafegara. Nas grandes vigas facíamos os rapaces o bambán co sedenho do carro cando inda había herba abondo, dando chimpas carneiras pola herba abaixo e facendo de trapecistas circenses.

Era unha casa grande, tiña diante un gran hórreo de tres pés que o paso da carretera esnaquizou. Hoxe perdeu todo o seu

encanto por as mesmas razóns que outras moitas construcións: a ignorancia ou a falta de criterio e respecto á hora de apreciar e valorar o noso patrimonio.

Non sei se esta forma de describir a Casa Labrega Galega vos dá unha idea de como era, pero entendendo que a casa viña sendo algo máis ca unha construción física, polo que pensei de facelo de esta forma In Memoriam dos meus avós, Sr. Juan Manuel Prol e mais Dona Asunción Silva.

En Pías, parroquia de Escudro, concello de Maceda de Limia, no ano 1970.

Lembrámosche que podes colaborar connosco aportando ideas, participando na programación e/ou realización de actividades a desenvolver pola Asociación así como na elaboración de sucesivos números da revista ALCATRUZ e como non facéndote socio/a mediante unha pequena aportación económica.

A nosa é unha asociación sen ánimo de lucro, o que quere dicir que todos os ingresos (cotas socios/as e mais subvención/s, de habela/s) reverten integramente na realización das futuras actividades que, ano tras ano, levamos a cabo.

De teres a intención de brindarnos a túa colaboración, podes facérnolo saber mediante un correo-e a airadasmantas@gmail.com ou entrando en www.airadasmantas.com e logo nós contactaremos contigo.

Acota anual, establecida para o ano 2017, é de só 20 euros.

Se consideras interesante o que estamos a facer, COLABORA CONNOSCO!

A DIRECTIVA

COMO PASA O TEMPO!

Xosé Parente Durán

Non sei se os potenciais lectores de “ALCATRUZ” terán todos idade abonda para recoñecer nas vivencias que vou contar as súas propias historias e se non é a idade a magnitude de medida pode ser onde se naceu, de que se traballaba... En fin que desde a perspectiva dos cincuenta e pico queda un pouco lonxe a nenez pero non o xeito de vida que aínda que choutou no seu aspecto cualitativo (segundo se mire) non hai tanto tempo que aspectos doutras culturas que criticamos hoxe, campaban por estes vales como normas aceptadas: veo para mulleres na igrexa, separación por sexo nas misas, ofrenda ao cura na pascua, bendición das casas, agasallos de mantanza para o alcalde, o cura e o médico....

Tamén o xeito de gañar a vida, sen mecanización, a produción totalmente artesanal, a alimentación básica, en fin que hai uns anos non tiñamos moita di-

ferenza co que hoxe fan noutros lugares do mundo.

A escola era ese lugar



público no que primeiro se rompía o cadillo coa familia, os primeiros choros ao arrincarte das faldras da nai, a pequena sociedade dos cativos nun ambiente estraño, novo, castelaniado...

A mestra, D^a Olga, a que máis recordo desa época, aínda que houbo outras, era de Ourense. Tiña as mans finas e lixeiras e tiña sona de boa ensinante. Presidía a súa mesa a parede do fondo do local da escola e dominaba desde o seu parapeto tres fileiras de pupitres de dúas prazas cada un, cun total duns 15 mobles; a carón da mestra

un armario cheo de libros de lectura e á súa destra un moble librería tamén con material de lectura e un cabaleta con estribeiras para enrolar e gardar os mapas, era o “mapero”. Encol da mesa tiña a señorita sempre un dicionario de galego de tapas brancas e azuis que consultaba cando oía das nosas bocas algunha verba que causaba estrañeza no seu oído educado en castelán, e cando o libríño quedaba cativo para a lingua nai da rapazada, ela preguntábanos pola palabra estreada.

Enriba da cabeza da señorita, na parede por suposto, unha foto castrense do xefe do Estado e un crucifixo de pau e ás nosas costas un encerado negro pintado na parede. Había uns retretes xunto á entrada pero sempre estiveron inservibles, así que cando a necesidade obrigaba había que “facer de campo”. A calefacción central consistía nunha catalítica de butano que se situaba estratexicamente



moi preto da docente, tal vez por aquilo de que o sangue novo ferve e non fai falta quentar o corpo. Que tempos! No piso de arriba estaba a vivenda familiar do ensinante.

A mestra chegaba, desde Maceda, onde vivían, de copiloto no coche dunha compañeira, e viña amodiño pola estrada de coios. Chamabámoslle “A Tartana” e era pequeno, sen arestas, redondeado. Cando chegaba, recibía o saúdo comunitario de “buenos días señorita” e inaugurábase a sesión pedagóxica cunha oración que xa non lembro. Ao longo da mañá, cada un dos cursos mergullábase na súa materia e a mestra preguntaba e mallaba se non contestabas ben, e logo estudabamos en voz alta mesturando cada per-

aula a sinistra figura abotoada do crego D. Efrén a repartir tamén de paso a súa ladaíña e algún que outro lapote coa súa man fina de non dar pau na auga.

Nos recreos fartabámonos de correr, de xogar algo ao fútbol, ao brilé, aos policías e ladróns, ás agachadas... sen tabletas, nin móbiles, nin whatsapp, nin facebook, nin instagram... nin...

Tamén lle agradeciamos á divina providencia a nosa sorte cunha oración á saída, tal vez para non ser descortesos con aquela esmola de leite en pó americano do Plan Marshall que consumimos unha tempada e como o cortés si arreda o valente todos despediamos a dona Olga cun ben sonoro “Usté lo pase bien!”.

tempo non axudaba e a xeira estaba máis vencellada á casa que ao agro. Era a época da matanza e dende ben tenros arrimabamos o lombo para a carnicería familiar, desde sacar o porco criado durante todo o ano do cortello, arrastrándoo ata o carro e suxeitalo, ata facer a restra de traballos para o proceso da carne, os miúdos e todo o corpo do animal para rematar coa chourizada colgada no fumeiro e os salgados na adega cubertos de sal mariña grosa. Era unha festa gastronómica, rural e brutal, na que participaba o núcleo familiar e a familia disgregada.

Nas leiras, a inverniá, con choivas persistentes e xeadas e nevaradas abondosas, só deixaba medrar a verza branca e os nabos (grelos e nabizas), verduras que coas patacas facían a base da alimentación, xunto coas castañas -secas nos canizos e logo pisadas para riparles as cascas- e co compango da carne da propia matanza. O día da coitelada, lacón do ano anterior con verza branca, fígado con patacas e durante o traballo xa algunha asadura enriba da cociña de leña e o día da



soa o seu monocorde sonco dos demais escolantes. Ás veces aparecía pola

biamos axudar nas tarefas da casa. No inverno, o

C o n todo, a escola era só unha parte do día, a maioría dos rapaces, por non dicir todos, de-



desfeita, costela con patacas, soá cocida, filloas, roscón...: Unha festa gastronómica! A xeira remataba o terceiro ou cuarto día coa enchida das chourizas, morcillas e ceboleros; tamén se cocían as graxas para facer o pingo e as sobras eran uns saborosos roxóns. Xa se sabe, do porco aprobeitase todo, ata as vexigas que se penduraban no fumeiro cheas de aire para, se for o caso, facer lavativas e outros remedios caseiros.

A primavera tanguía coa súa guillada de alegría a apatía invernal e con ela comezaban os traballos de preparación das cortiñas para a sementeira. Primeiro coa xugada de vacas arábase a terra para aireala e soterrar as herbas, coas mesmas vacas carrexábase o esterco das cortes e cubríase a terra cunha capa del para volver fender a leira e

agachar o fertilizante e outra volta asucar para xa sementar o produto elixido, non sen antes alisar o chan coa grade de madeira, ultimamente de metal, para facilitar o asucado.

Este inxente traballo físico multiplicábase polo número de predios aos que se lle tiña encomendado producir froito. Non é difícil supoñer que se os animais non van a gasolina, terán que comer e polo tanto hai que mantelos con forraxe ou levalos a pacer e no minifundio galego case é obrigado estar con el tamén pola escaseza de balados suficientemente consistentes para deixar o gando ceibe, estamos a falar da nobre arte do pastoreo. Existía daquela e existe hoxe, pero para outros mesteres, o



monte comunal que se utilizaba sobre todo polas mañás, a Veiga e o Monte

Alto, cheos hoxe de carpazos, toxos, xestas... pero por entón ben aproveitados para pacer e rozar os toxos e carpazos cos que estrar as cortes. Reciclado e ecoloxía xunguidos por un fin común. Tampouco facía falta encher os lameiros de bañeiras con auga para beber o gando porque os regatos e regueiros así como as fontes naturais que brotaban da terra cumprían de abondo con ese labor. Estes recursos fluviais hoxe mesmo, fican protexidos e neles nin se pode realizar o perigosísimo vertido dos refugalloos que conteñen as tripas da matanza porque pode ser que contaminen máis que os ouriños industriais das explotacións dunha coñecida empresa cooperativa. Manda truco na Habana!

A primavera aguilla o espírito dos paxaros e os animais que espertan os seus instintos de procrear, así como os rechouchíos dos pardais, paporrubios, carrizas, merlos, pegas, corvos, gaios e a chegada das andoriñas, enchen o ceo de acrobacias e rituais mentres nos lameiros os bruídos das vacas, os orneos dos burros e os beos das ovellas, compoñen unha sinfonía



de sons que deixan cativo o pentagrama musical máis aló das sete notas básicas.

Nestas alturas do ano, xa co estío ás portas, todos os lameiros, cortiñas e leiras fican na máxima sazón, as flores locen fermosas e os froitos abrazados pola calor medran vizosos nas plantas agardando a pronta madurez. É a época das vacacións escolares, pero non do descanso no lugar, hai que seguir cos labores agrarios, facerlles as beiras ao millo e ás patacas, sacar as herbas das hortalizas plantadas nos pequenos terreos e liñares e facer a colleita da herba seca -segar, estender, revolver, xuntar, angazar,



cargar e apañar ou carretar e logo baleirar o carro delas paleiras- nun ir e vir continuo e diario e desde ben cedo ata ben entrada a noite, poucas as grazas! cun cumprido descanso

pola forza da calor ou os días de goce coas festas patronais da bisbarra (San Pedro en Ramil, Santa Ana en Amedo, o Santiago na Costa, o San Vicente en Baldrei ou o folión e festas das Neves en Maceda: Os coches de liña do Abel González ían ategados de xente para a vila).

Esgotados os días do estío está pronta a colleita de patacas nos albores do setembro ou pasadas as novenas dos Milagres e o millo un pouco máis adiante nun andar e desandar rego arriba rego abaixo esfolando de cana en cana as mazarocas xa amarelas ou “reinas” co gran ben apertado na espiga que secará no canastro apañado cesto a cesto, xa que logo, a angosta situación da maior parte dos hórreos.

E na terra baldeira de froito, as diminutas sementes dos nabos caen esparexidas en manta para facer na terra durante o inverno un cobertor verde de alimento para a xente e o



gando ruminante, os burros non comen os nabos...

E vén outubro, nos sotos, atravesados polas raiolas -xa mornas- do sol, abren os ourizos preñados as súas peles de agulla e pingan as relucentes castañas que estran o chan mesturadas coas follas amarelas e murchas e incluso con algún cogumelo para seren apañadas para o seu consumo, nos magostos aló polo San Martiño ou ben cocidas con leite, asadas no forno ou enriba da cociña de leña ou rilladas crúas para ir enganando a fame. É pois este o ciclo da vida neste lugar galego, contado sen entrar polo miúdo grosso modo, que posiblemente forme parte do pasado xa sen posibilidade de retorno.

Novembro 2016.

A PROCESIÓN DA Nª Sª A VIRXE DAS NEVES (COSTUMES E EVOLUCIÓN)

J. Pedro Prol Quintas

Lonxe do meu pobo natal escribo estas letras coa morriña propia do galego que leva un anaco de terriño ás costas, e vaise morrendo por dentro cada vez que se afasta da súa terra, lembrando con agarimo o que significa retornar a Maceda, unha vila moi señorial do interior de Galicia situada nun val moi fermoso ao pé da serra do San Mamede, onde pasei a infancia e xuventude, e lugar ao que regreso sempre que podo como todo bo macedán.

Teño nesta ocasión a honra de poder contar algunhas cousas sinxelas a todos vós apaixonados lectores da revista Alcatruz, poucando a miña mirada e centrando a atención na procesión de Nª Sª a Virxe das Neves de Maceda, fermosa santiña, coas súas festas patronais, a súa procesión solemne do primeiro domingo de agosto, os costumes relixiosos do pobo, a arte sacra dos nosos antepasados e a ilusión de reencontrarme cos meus, e gozar da festa, como resultado do traballo de todo un ano.



A advocación mariana da Nª Sª a Virxe das Neves remóntase ao século IV, no papado de Liberio, sendo posteriormente numerosos os países nos que se venera como son: Portugal, España, Italia e moitos outros lugares de Latinoamérica. Non hai



máis que visitar As Neves en Pontevedra, Quintueles e Blimea en Asturias, Sierra Nevada en Granada, A Palma nas Canarias, e cruzar o Atlántico para chegar até a cidade de Buenos Aires, cuxa fervorosa patroa é de devandita advocación.

A nosa Virxe é realmente especial, e sorprende ao visitante polo seu rostro iluminado coa sinceridade dunha moza de pobo, fronte ampla, beizos e nariz moi ben formados, pelo recolleito para resaltar o mentón e as súas avermelladas fazulas, con porte amigable e sereno. Tivemos sorte co encargo desta talla polos nosos antepasados nalgún taller de imaxinaría, que deixou a súa boa factura e sinal, pois non hai referencias escritas nos rexistros da Igrexa das Neves. O feito de que chegue a estas terras non é casualidade, pensemos pois nas cousas boas que tivo a nosa vila, como son os seus fillos máis ilustres, destaco o Cardeal Quiroga Palacios, tamén as súas vicisitudes económicas a través das antigas feiras do 4 e o 20 de cada mes, as relacións laborais que aquí se forxaron e os grandes nego-



cientes que o pobo deu.



Nalgún momento de bonanza económica, no noso pobo levantouse a igrexa en honra a N^a S^a das Neves, fe diso dá a súa pedra crave de 1880 na porta da fachada prin-



cipal. Non podemos deixar de lado o misterio relixioso que rodea a esta advocación, que se celebra o 5 de agosto, pois son moitos os lugares nos que en plena época estival aparece a neve, como nas Neves en Pontevedra, ou o caso do sacerdote Martín de Mérida e o seu asistente que na súa travesía por Sierra Nevada corando o porto da Carihuelaou Collado de Veleta son sorprendidos e atrapados por unha tormenta de neve, tras pórse a rezar como último re-

medio para afrontar dita situación, aparéceselles a Virxe das Neves para acougar o temporal e indicar o camiño a seguir.

Hai algúns datos que cabe resaltar, pois afectan á evolución e a forma en que esta talla foi presentada ao longo dos anos. En primeiro lugar referireime a un veciño que exerceu como carpinteiro na rúa do engano, ao que lle foi outorgado o traballo de dar altura á peza orixinal, inserindo un taco de madeira no tronco da virxe; pois segundo algúns testemuños, a talla estaba un pouco botada para adiante e era orixinalmente moito máis baixa que na actualidade. O autor desta intervención foi D. José Garrido Touriño que aproximadamente en 1940 realizou o devandito traballo a petición do párroco D. Julio.

A tradición destes últimos anos consistía en levar á virxe en andas. Catro mulleres do pobo vestidas de galegas portaban a Virxe e eran acompañadas polos mozos que fixeran a primeira comunión, sobre todo desde que se realizou a reforma de 1980 na Igrexa, pois se alargou a nave principal e retiráronse os reta-

blos laterais. Durante estes meses de reforma o baixo de Jaime (carniceiro) e Teresa fixo ás veces de capela

Nas primeiras procesións hai que lembrar un carro moito máis antigo que o actual, no que se pode observar un trono formado por un arco lobulado de tres pezas sobre dúas columnas montadas nunha estrutura con rodas ao estilo do tradicional carro galego, do que van tirando as mulleres do pobo. Esta procesión é bastante antiga a xulgar polo acabado da calzada que é de area. Chama a atención o feito de ver á Virxe acompa-



ñada na súa procesión por catro gardas civís con chapeu de tricorne.

Outro dato importante a resaltar, son os accesorios e a vestimenta que o pobo doou á Virxe durante as últimas décadas. Os pendentes de ouro custaron doce mil das antigas pesetas, e un





grupo de mulleres encargáronse de pedir polo pobo para conseguir alcanzar dita cantidade, que tamén foi destinada ás casullas da Igrexa de S. Pedro. A coroa de prata do neno Xesús foi doada por Pepe de Barxela, un grande admirador da Virxe.

Un dos traxes da Virxe foi doado por Dña. Camila Ancochea, hai moitos anos, o devandito traxe deteriorouse co paso do tempo, e a súa filla Antonia Ferreiro Ancochea, manda facer un novo traxe, que doa para a Virxe. Hai que mencionar tamén, que o pobo achegou fondos para encargar un traxe branco con bordados de ouro e o seu correspondente manto ás Clarisas do Mosteiro de Santa Clara de Allariz.

A custodia de ouro da nosa igrexa, está considerada unha



das tres máis importantes da provincia, e foi doada no ano 1950 pola familia Senra, houbo misa maior no pobo. Esta mesma familia (Mercedes e Rosa) doaron tamén unha Virxe negra que foi traída de Brasil.

A nosa Virxe é merecedora de todos estes presentes que o pobo lle deu e aínda quedarei curto dicindo que temos un dos himnos máis emocionantes que a unha nai se lle pode secantar, pois trata dunha auténtica declaración de honra, "*...este pobo xurouche serche fiel até a morte, sempre amarte sen perderte e gardar o teu corazón.*" composto polo pai paúl D. Sergio García que estivo en Cuba e



tamén compuxo o himno da Virxe dos Milagres.

Xa para terminar referi-me ao esforzo que o pobo realizou nos labores de restauración e conservación do actual carro da Virxe das Neves que data aproximadamente do ano 1950, do que fun testemuña directa, pois participei nos traballos de restauración xunto cun



grupo de varias persoas entre elas, Milucha, Angeles e Alberto Outeiriño, sen as cales dita empresa non se podería levar a cabo, ademais de toda a colaboración e as achegas económicas que os nosos veciños e todas as persoas que se senten ligadas a Maceda e ás súas festas realizaron nesta última etapa.

Non haberá futuro se non respectamos o pasado, do mesmo xeito non hai festa sen traballo.

**Viva
a**

Virxe das Neves!



AS FÁBRICAS DE GASOSAS

María Jesús Lage Quintas

Maceda viviu no século pasado unha época de

esplendor referente á pequena industria que había, como era o comercio, fábrica de gasosas, de chocolate, xastrerías, serradoiros, banco de ferrar, albardeiros, etc. Actividades hoxe en día practicamente desaparecidas do noso pobo.

Ímonos centrar nunha desas fábricas que, sen dúbida algunha, axudaban a dar auxe ó pobo e, desafortunadamente desapareceron.

Nos anos 40 do pasado século, na vila de Maceda, había dúas fábricas de gasosas, unha era propiedade dos meus avós paternos, Alfonso Lage Formoso, casado con Milagros Sampayo Ledo (Gaseosas Sampayo), herdada dos pais dela, que cando casaron empezaron a traballar pola súa conta. Facíanse

refrescos de laranxa, limón, cola e sifóns, con nome comercial marca



Sanitex.

A outra pertencente a Ángel Quintas Garrido casado con Generosa Dopazo Godoy.

Na década dos anos 50



f o n t e s
cercanas,
non por ser
de mellor
calidade,
s e n ó n
porque non
había auga
da traída.
Eran as
mulleres,
que en olas
de barro,

artesanal.

Todos os que teñen unha certa idade, aínda recordan o lavadoiro. Cando eramos nenos servíanos de distracción ver o traballo que realizaban.

Nesta época, deixan de fabricarse os envases de bóla e pasan aos envases de chapa, os devanditos envases, eran sempre de cristal e sen rotular. Durante todas as etapas, échense tamén sifóns.

Alá polos anos 60, cando Alfonso Lage Formoso deixa de fabricar gasosas, son Abelardo e Juana os que se quedan con elas, así evitaban á competencia... (pensaron eles).

do século pasado, casan Abelardo Lage Sampayo con Juana Quintas Dopazo e traballan as gasosas de Anxo Quintas Garrido (pais dela) xunto cunha tenda de ultramarinos situada na rúa Aureliano Ferreiro, en fronte da rúa Fonte dos caños.

transportaban a auga. Era un traballo practicamente

Lavábanse as botellas a man, nuns lavadoiros que estaban situados na rúa, había dous pilóns grandes, un para lavar e outro para aclarar. A auga utilizada tanto para lavar como para encher as gasosas procedía das



A partir do ano 1967, Maceda conta con auga corrente, facendo que os labores antes mencionados sexan máis levadeiros.

Móntase unha fábrica de gasosas con lavadoiro eléctrico, cinta transportadora para levar as botellas e máquina de dosificación e xarope, e posteriormente, á zona de enchido.

Respecto dos envases habíaos de distintos tamaños e formas, non tiñan logotipo, pechábanse con chapas que levaban o nome do fabricante. Os sifóns tamén estaban sen

rotular, só levaban o nome no capuchón. Posteriormente suprímense as chapas e úsase o arame para precintalas, rotúlanse co nome de GASOSAS SELECTAS LAGE e co número de fabricante. Máis adiante vólvese a cambiar o logotipo e aparece o número de teléfono.

As gasosas xa son rotuladas, primeiro con chapa e despois con arame que levan capuchiños de plástico, utilizando sempre botellas de cristal. Había gasosas de medio litro e dun litro, a pequena vendíase moito para casas

de comida, que naquela época eran moitas, e a grande para casas particulares.

Nos anos 90 a fábrica véndese, e hoxe en día a maioría das gasosas que se consumen son con envase de plástico. Nada ten que ver co cristal, o plástico non aguanta a presión do dióxido de carbono e por iso as gasosas actualmente teñen menos forza.



OS NOSOS ANTIGOS RETABLOS NAS IGREXAS DAS NEVES E SAN PEDRO DE MACEDA. REFORMAS E CAMBIOS QUE AFECTAN Á ARTE SACRA

J. Pedro Prol Quintas

A comarca de Maceda conta cun amplo patrimonio relixioso en moitas das súas parroquias, tendo en conta as súas igrexas, casas reitorais, cruceiros, ermidas e petos de ánimas. Son dignas de mencionar e destacar algunhas igrexas como a de Sta. M^a de Asadur, Sta. Eulalia en Escuadro, San Juan de Vilardecás, Santiago en Zorelle, San Pedro de Maceda, ademais das ermidas de Outeiro da Torre e Donfranque. Como cruceiros, sen discusión, o de Tioira é realmente unha peza única.

Hai espaxadas moitas capelas de menor tamaño cunha gran riqueza artística en pobos como Francos, Calvelo de Maceda, Casasoá, Cima de Vila e Tioira. Desde a máis humilde á que rezuma máis historia, con romarías realmente emocionantes como a de San Benito do

Rodicio á que acudimos moitos macedanos con gran devoción a primeiros de Xullo.

Todas estas pequenas ermidas e outras moitas espaxadas polas diversas parroquias nas ladeiras do San Mamede, souberon gardar celosamente o seu patrimonio, enténdanse, os seus retablos, os seus santos e o orgullo de celebrar as súas festas patronais, transmitindo o devandito respecto e custodia dos seus bens relixiosos ás novas xeracións.

Maceda con todo, perdeu parte do seu patrimonio nos últimos anos. Un exemplo claro diso, son os dous retablos laterais da Igrexa de N^a S^a das Neves, que estaban

presentes antes da reforma de ampliación da igrexa que tivo lugar en 1980, e que custou ao pobo a cantidade de aproximadamente doce millóns das antigas pesetas. Lembremos que o antigo retablo ao lado esquerdo estaba dedicado á Inmaculada Concepción, e o da dereita á N^a S^a das



Retablo lateral esquerdo: Inmaculada

Dores, ambos con hornacinas iluminadas con luz indirecta de barra de neón vertical, as súas dúas alturas (dobre corpo e tres





Retablo lateral
dereito:
Dolorosa

cales), distribuían as diversas advocacións a ambos os dous lados da Dolorosa e a Inmaculada, coroando a parte superior con outra peza de grande importancia.

A estrutura de ambos os retablos era de tres cales para o eixo vertical, na fachada de cada retablo, que estaban á súa vez divididas entre si por xogos de columnas pareadas, cos diferentes niveis horizontais, por xogos de cornixas en relevo, compostos, en xeral, por arquitrabe, friso e cornixa en diferentes proporcións. En relación á composición pódese comentar que o elemento de soporte principal era a columna lisa sen relevo con decoración veteada imitando ao mármore nalgúns dos casos, e noutros, con columnas salomónicas ben labradas de pequeno tamaño, con acabados en pan de ouro.

Para lembrar como estaban distribuídos espacialmente os retablos, empezarei polo lateral dereito, é dicir, segundo se entra á dereita e situado no centro da parede (onde hoxe está o Cristo dos

Taberneiros), estaba o retablo da Nª Sª das Dores. A súa dereita, á súa vez, estaba a imaxe de Santa Lucía, e á esquerda a de San Blas.

No retablo da esquerda segundo se entra, no que hoxe é a parede de pedra descuberta, estaban: como imaxe principal a Inmaculada Concepción, Santa Rita á súa esquerda e San Ramón Nonato na parte superior do retablo con vestimenta vermella e branca. Había tamén unha Virxe de Fátima e unha Virxe Negra.

Dos pendóns das procesións co rostro da Inmaculada, xa non se puido recuperar nada, e do retablo lateral dereito da Igrexa de San Pedro, de 1569, xa non queda ningunha constancia

máis que unha foto que presento aquí.

Moitas das imaxes que había nos devanditos retablos foron doadas por diversas familias de Maceda. A Virxe de Nª Sª das Dores "A Dolorosa" que sacamos na procesión dos "Caladiños" de Semana



Inscripción na igrexa
de S. Pedro. 1569

Santa, foi doada pola Sra. Dolores, que foi dona da casa onde estaba a carnicería da Sra. Estrela, e



representa un capital importante, pois leva firma e é unha boa talla de madeira policromada.

A Virxe Negra foi doada pola familia Senra que estiveron en Brasil, e Santa Rita, avogada do imposible, foi un agasallo de Dña. Antoñita Ferreiro Ancochea, pois aparece



dedicada na peana da peza sobre pan de ouro coa lema "Agasallo de A. Ferreiro Ancochea", do mesmo xeito que os dous anxos



custodios con candís que presidían o altar maior. O San Blas foi doado pola familia de Cándido Bobillo que tivo un mal de garganta e finalmente se curou. Para

agradecer a dita cura, houbo misa no pobo con motivo do agasallo do San Blas, patrón dos males de garganta.



A familia Caramés tamén doou unha Virxe de Fátima e un neno Jesús, que se expuña o día de Nadal. Outra das pezas que o pobo lembra con agarimo e devoción é Santa Lucía, protectora dos nosos ollos,



patroa dos cegos e avogada dos problemas da vista, (nada en Siracusa, na provincia romana de Sicilia,

filla de pais nobres). Lucía como significado de "luz para o mundo".

A empresa que realizou os traballos de pintura e decoración do retablo maior -ou principal- aproveitou parte do que había no retablo antigo, e aparece publicitada cun cartón de visita no lateral esquerdo de devandito retablo, como Celso Garrido González e fillos, pintura-decoración con sede en Ourense.

O motivo polo cal estes retablos non foron devoltos ao seu lugar e permanecen nos baixos da igrexa, débese á reforma de ampliación e a edificación





lindeira, ou o que hoxe coñecemos como a sancristía e os baixos de ensaio da coral.

Retirar un retablo é moi fácil, pero devolvelo ó seu lugar orixinal non tanto. Estas empresas co motivo de rehabilitar e actualizar a igrexa, para o que se constituiu unha comitiva por parte das autoridades e de varios veciños, tivo a ben depositar os santos no baixo da casa do cura, e os dous retablos laterais nos baixos da actual igrexa das Neves, onde permanecen aínda.

Fago desde aquí unha reflexión de carácter histórico-artístico, para que tomemos conciencia de todo aquilo que tivemos,

que enriqueceu a nosa parroquia e que aínda podemos recuperar, pois houbo nestes últimos anos boa intención por parte de moitos veciños do pobo de recuperar e devolver algunhas das pezas que formaron parte destes conxuntos escultóricos. Fágoo extensivo para aquelas pezas que aínda non se devolveron, e que deberían estar no

baixo da nosa igrexa como actualmente estan todos estes restos escultóricos, para ser debidamente catalogados e co tempo e o apoio dos veciños devolvelos ao seu




esplendor orixinal. Non nos



deixemos levar polo oportunismo do Ecce Homo de Cecilia Giménez na localidade zaragozana de Borja coa súa particular restauración, que acabou sendo un ir e vir de turistas para sacarlle partido a unha situación cómica. Valoremos na súa xusta medida, a importancia de ter o noso patrimonio relixioso apto para o culto e para os visitantes da nosa arte sacra, como gozo da nosa cultura relixiosa, o noso pasado e desa conciencia colectiva que está gravada na retina dos nosos maiores. Un pobo que non se recoñece na súa historia está condenado a morrer. Vivamos para sentir e apreciar o marabilloso legado doutras épocas...

PASATEMPOS

A. C. Aira das Mantas



HORIZONTAIS

1.- De estrutura uniforme, constituído con moita cohesión entre si. 2.- Vogal. Expresión que se utiliza por exemplo para chamar, advertir etc. Ao revés en plural, parte final dos membros inferiores que sostén o corpo e se apoian no chan. Consoante. 3.- Preposición. Relativo ou pertencente ao cabalo. 4.- Primeira vogal. Ao revés, paso subterráneo aberto para facer unha vía de comunicación. Símbolo do arsénico. 5.- Tecido feito cos fíos de liño, algodón, etc. Ao revés cada un dos cabiños aliñados que permite acurtar o pano da vela cando vai moito vento. Ao revés, Pronome persoal tónico de segunda persoa de singular. 6.- Ao revés nota musical. 3ª persoa do plural do pluscuamperfecto do verbo ler. Consoante. 7.- Nube grosa de formas arredondadas e de cor branca, máis brillante polos bordos. Símbolo químico do berilio. 8.- Pronome persoal átono de 3ª persoa empregado despois dunha forma verbal rematada en -r ou -s. Substancia cristalina de cor branca, constituída por cloruro sódico. Nome de letra, ao revés. 9.- Contracción do artigo masculino e a preposición a. Consoante. Primeira letra do alfabeto grego. 10.- Terreo sen cultivar. Ao revés, percorrido que se fai por un lugar para vixialo e comprobar se todo está en orde.


VERTICAIS

1.- Relativo ou pertencente ao fígado. Conxunción. 2.- Artigo determinado. Vogal. Tratar de igualar ou de superar, nas súas accións, na maneira de actuar a unha persoa. 3.- Feminino, paxaro da familia dos túrdidos que pode superar os 20 cm. de plumaxe escura, peteiro amarelo e de canto agradable. Mil. Símbolo químico do molibdeno. 4.- Exclamación que pode denotar ou manifestar admiración, sorpresa, enfado... e tamén unha actitude irónica cando aparece repetida. Vogal. Pronunciación de luz, se foses falante con seseo. Vogal. 5.- Dez. Poñerlle a sela a unha cabalaría. 6.- Crebafolgas. Vogal. 7.- Que carece de carga eléctrica, feminino plural. Ao revés, pon nas mans doutras persoas. 8.- Nome dun boneco de guiñol, amigo de Blas. Norte. Ao revés, forma átona do pronome persoal de 3ª persoa que funciona como complemento indirecto. 9.- Artigo determinado. Muller, ou femia en xeral, que tivo un ou varios fillos. Acción ou efecto de bufar. 10.- Producirse lóstregos.

	7		4			8	9
				8			7
		6	3		2	1	
	3	5	8	6	4	7	2
		4				5	3
6	2		7			4	8
9	5	2			6	3	8
			2				4
			5		7	9	2

SUDOKU

Encher os ocos nas filas e columnas coas cifras do 1 ó 9. Olló!: Non se debe repetir ningún nº na mesma fila, columna ou subcadrícula.



Coloca os números de enriba en cadanseu círculo conseguindo que a suma de cada lado do triángulo dea 10.

O	A	C	A	R	B	A	L	L	O
T	M	H	I	U	Z	F	F	R	R
P	I	S	A	T	R	R	I	B	I
I	E	D	F	S	E	E	B	F	E
L	I	G	V	I	U	B	U	N	Ñ
A	R	O	X	G	S	A	X	N	I
C	O	O	L	O	N	R	O	I	P
U	H	A	R	I	E	C	A	M	T
E	S	A	N	G	U	I	Ñ	O	B
S	O	B	R	E	I	R	A	H	E

SOPA LETRAS
Busca 11 nomes de árbores.

SOLUCIONARIO
GUERO /
EUCALIPTO / AMIEIRO / FAIA / FREIXO / SAL-
CARBALLO / PIORNO / MACEIRA / SANGUINHO / SOBREIRA

4	6	8	5	3	7	9	2	1
3	1	7	2	9	8	6	5	4
9	5	2	1	4	6	3	8	7
6	2	7	5	3	4	1	8	
7	8	4	9	2	1	5	3	6
1	3	5	8	6	4	7	9	2
8	9	6	3	7	2	1	4	5
5	4	1	6	8	9	2	7	3
2	7	3	4	1	5	8	6	9



POEMAS

Juan Prol Cid

Juan Prol Cid naceu en Prado, Villar de Barrio (Ourense) en 1936.

Cursoa estudos de Humanidades nos Pais Paúles, nos Milagres e Villafranca do Bierzo. Exerceu como funcionario Executivo de Correos e Telégrafos en diversas zonas postais da provincia de Ourense.

Durante uns anos
senta e setenta,
político no Con-
que compaxinou
e correspondente
La Región e Faro
anos 1960-
de diversos arti-
escritos para re-
(Posta Española,
racaibo, Juca;
, na reedición e
ción facsímile dos
Manuel Vidal
Porrazo ou o
prata", e "Deixe
Editorial Alvarellós (1985).



da década do se-
exerceu cargo
cello de Maceda,
como funcionario
de prensa para
de Vigo, entre os
1985. É autor
gos de prensa e
vistas como
Alborada de Ma-
ademais colaborou
prólogo da edi-
libros de] Dr.
Rodríguez, "Don
meu cuberto de
que Xa...", en

O autor preséntanos neste libro unha recompilación de datos históricos da Vila Condal de Maceda, nalgúñas das súas diversas épocas, tomados dos seus artigos de prensa, ademais das súas impresións persoais e poemas sobre a comarca de Maceda (Limia Alta).

X. O río Maceda

Río sinxelo de bíblico nome,
manso marmullo de místecos rumores,
ti oráculos levas o Miño, is'home,
pai da raza ceha, abó en delores.

Meu doce río de segredos fondos,
e' arrulas a Vila, que teu nome herdou,
óuzanse no val, os susurros longos,
cuise xemir maino, co pobo chegou.

Pelegrino d'arrestos xuveniles,
símbolo eterno de melancolía,
que lembrás dántano nostalxas sotiles,
d'agoiro esperxendo mansela armonía.

Teu canto escoito grorioso errante,
a veira miña, chega aletexando,
un eco misterioso, agoniante,
c'asosegada noite vai deixando.

Esgrevio feiticeiro fuxitivo,
convirte doentes magoas en sorriso,
non fuxas po-la Alta Limia esquivo,
y'acouga po-las veigas doce brisa.

Xa d'alto bido na ramalletada,
un tenro pío votou o ruiñeñol
o rayo da lúa, na noite calada,
semella nas augas, feitizos de sol.


Lorp-Dic



A JOAO DE NOVOA

(Soneto)

Fadado herdo da céltica raza
c'as cámaras rexas de teu castelo
por baixel trocache d'estrana traza
no mar ceibando xigante portelo...



¡Saúdo! eu heroe dos longos mares,
c'as sombras antros ¡ayes!, espaxías!,
¡Como Colón hirmán en avatares!
¡Descubridor com-el d'illas sombrías!
¿Quén si non ti nas nauticas empresas
los levou Asunción e Sant'Elena,
contr'as d'o Zamorín feras sorpresas?

Loitando en Calicut po-la faena
d'expedición Oriente, con promesas
conquista deche o luso non pequena.

Lorp-Dic

NO VAL DE MACEDA

(Parroquia a Parroquia)

SANTIAGO DE ZORELLE

José Manuel Pascual Ramos

O territorio pode amosar vestixios de ocupación humana desde o Paleolítico, como o hipotético asentamento no cerro granítico cunha excelente vista dos Penedos da Moura, que separa os concellos de Esgos e Maceda ou das súas parroquias S^a Olaia e Santiago de Zorelle, cuxas fracturas e erosión forman múltiples capas viseira, que ben poderían servir de refuxio para os primeiros poboadores desta terra. Do megalítico (3000 aC - 2000 aC), a parroquia expón un batente con varios vasos que formou parte dun dolmen, reutilizada como marco de termo desde a Idade Media, entre as parroquias anteriores preto do anterior lugar. Ademais, ó sur de Calvelo está o monte da Mámoa ou do Pendón, un cerro dunha extensa e suxestiva panorámica do val, que coroa unha gran mámoa con forma de cono truncado pola erosión natural e humana. Dise que polo 1940 atopou aquí unha pulseira de ouro, como no lugar do Teso, ó NO de Calvelo, varias pezas de ouro pulseiras e colariños e antes un morteiro de ouro. Ademais, ó NO de Lamas do Monte, no monte Falván e lugar das

Queimadas, hai outras dúas mámoas, ambas mostran socavóns de grava, restos da rebusca de tesouros.

De tempos castrexos (ss. V aC - II dC), cando por estas terras vivían os chamados *interamnici* polos romanos, queda o Castro Lamas do Monte. Xunto ó lugar está o monte do Castro con grandes rochas graníticas, ocupando a súa cima un castro con boa defensa natural de fortes pendentes e escarpados farallóns, protexido amais con muralla de pedra miúda (hoxe diluída en medianeiras de leiras). A presenza de cerámica castrexa e romana, tamén tegula, delata alta romanización, aínda que en 1967 localizouse a base de dúas casas redondas de cachotería e soleira de laxas unidas por arxila con marca de fogar de lume. Abundan na contorna *tegula* romana, téndose recollido muíños redondos de man e unha moeda. Lugar de lenda e misterio inclúe a aira das mouras (balcón formado por unha gran rocha plana) e a pegada do cabalo de Santiago (unha ola produto da erosión da auga).

Efemérides da parroquia

As terras da parroquia saltan á Historia escrita a comezos da Baixa Idade Media, en relación ás propiedades de mosteiros veciños (S. Estevo de Rivas de Sil, S. Pedro de Rocas, Xunqueira de Ambía, Celanova) e ricohomes da estirpe de S. Rosendo (907-77), fundador do Mosteiro de Celanova procedentes de Ambía.

1007. Alfonso V, rei de León (999-1028), valida a S. Pedro de Rocas vilas e herdades dadas por Alfonso III de Asturias (+910), confirmadas por Ordoño II de Galicia (910-14) e León (914-24), e os seus sucesores. "*Facta firmitati uel agnitio scripture, Era tunc discurrante post millesima [XLv]V*" [1007 dC.]. In mosteiro de Cellanoua.

1099. Testa en Tábara (Benavente), a infanta Elvira (irmá de Sancho II de Castela): *ordino ego Geloira ... in tolo Tauara ... mando a Sancto Stephano de Ripa de Sil Iuncaria de Limia cum tota sua mandatione... suas hereditates... ad Cellam Nouam tornar totas suas hereditates quantas inde tenebam et potuerit inuenire in totas terras.* Elvira reparte doazóns, as de




Xunqueira de Ambía ó mosteiro de S. Estevo de Rivas de Sil, e ó de Celanova, as “retorna”. A ribeira dereita do Arnoia é do Mº de Estevo e S. Pedro de Rocas, terras que despois se aforaran en réxime de *tenencia* (*) aos Srs. de Ambía, que xa no s. XIII, desde as súas Torres de Bara (Monte Castelo, Padreda) e *Pena Fidelis* (Pousa, entre Meri e Sansillau) litigan cos mosteiros para ampliar o seu patrimonio recuperando antigas herdades doadas a estes polos seus antepasados en terras da Alta Limia, como Maceda, Donfranke, Almoite, Casasoá, Bustavalle, Ramil, ou as de S. Pedro de Rocas: “*et detis de Bouza de Almoiti quartam partem panis*”, proba de que aquelas foron feudo dun mosteiro, hereditario en orixe da familia de S. Rosendo. Por caso, en 1172, o Sr. de Ambía cede os seus dereitos ó cenobio de Xunqueira de Ambía, como herdeiro e posuidor que era.

1214. Alfonso IX de León (1188-1230) confirma as herdades a Sº Estevo de Rivas de

spectare de iure. Et data coram me exquisita, inveni sicut ipsi dicebant, videlicet, quod ipse hereditates spectabant ad ipsum monasterium Sancti Stephani. Et ideo do et concedo ipsi monasterio ipsas predictas hereditates libere et in pace in perpetuum possidendas.. “*Facta carta confirmationis apud Sanctum Stephanum, Era M^aCC^aLII^a*”. [Era 1252-38=1214 dC.]. Ou sexa, ante a queixa do mosteiro de S. Estevo de Rivas de Sil, A (lfonsus), rei de León e Galicia, resolve, tras consultar baixo xuramento sobre o patrimonio de S^a M^a de don Franquia, Casasoá e Almoite, que as herdades pertencen ó mosteiro, e o son para sempre. Noutro escrito, confirmado por Fernando III, Alfonso IX prohibe a Pelayo Arias de Ambía entrar no coto de S. Pedro de Rocas e no de Molgas. A [defonsus] *Dei gratia Legionis Rex, vobis dompno Pelagio Arie, ... mando ... non intris in cauto Sancti Petri de Rocas pro hereditate regalenga nec ...terre ... de Amolgas, quia est cautum imperatoris...* Carrión de los Condes (Palencia).

Tenente Aquilare (terra de Aguiar, Pereiro).

(*) *Tenencia* feudal era unha cesión de terras, pero sen perder o seu señor a propiedade ou supoñer dereito hereditario para o tenente. Nas terras de Maceda, os propietarios dos cotos eran mosteiros e os ricos homes os tenentes, ao caso os de Ambía e despois os Novoa. A *tenencia* de Aguiar, foro do mosteiro de S. Pedro de Rocas, formábanas os cotos de Nogueira, Gomariz, e Lobaces, que tamén tivo por Tenentes a **Nuño González de Novoa** de 1284 a 1302, que en 1283 pleiteó contra o Mº de Rocas polas lutosas e a súa segunda muller Elvira Petri (de Ambía), filla de Paio Arias, que a rexentou de 1304 a 1315, e os Novoa Srs de Maceda: **Iohan Peres de Novoa**, Tenente en (1318-39), “... nos enbiaron querelar de don Johan Pérez de Nóvoa que tenía la comienda del dicho monesterio..., 1310”, **Pedro Anes de Novoa**, Tenente (1341-7), **Juan Pérez de Novoa** Tenente en (1351-7). A *tenencia* pasou en 1358 a ser xurisdición do Duque de Lemos Fadrique Enríquez. Os Novoa aparecen desde 1395 á fronte de Ribeiro de Avia, castelo de Pena de Novoa e outros cotos. Diferenzas entre



Sil: “*ego A(lfonsus), dei gratia rex Legionis et Gallecie, ... ad querelam ... conventus monasterii sancti Stephani de Ripa Silis, per homines bonos de terra et meos inquiri mandavi ... super hereditate de Sancta Maria de don Franquia et de Casasoá et de Almouti ... que ad monasterium suum dicebant*

1224. Iníciase o ascenso do Sr. de Ambía, figurando como patrón de igrexas preto de Xunqueira de Espadañedo como Ramil: *Pelagius Arie de Ambía ac omnes patroni Ecclesie Sancti Michaelis de Ramiro*, en 1231 é *Tenente* (*) *Limia* testificando sobre o coto de S. Estevo e en 1232 dátase como

o Adiantado Maior de Galicia Diego Pérez Sarmiento (señor das terras de Rivadavia) con Juan Noboa derivan na requisa das terras deste, que recorre ao rei Juan II e páctase unha permuta, confirmada en Real Cédula de 1414. Juan de Novoa, Señor de Maceda, casa con Leonor Enríquez de Castro antes de 1397 e en 2ª nupcias con García Díaz de

Cadórñiga e, en 1397, dicíndose fillo de Juan Pérez de Novoa, e con licenza da súa muller Dña. Leonor outorgou foro do lugar de Astariz a Juan Alfonso, e en 1394 o seu sogro Pedro de Enríquez faille doazón dos cotos de Molgas, San Vicencio, Piñeiro, Nogueira, Amoeiro e Espiñareda.

1232. Fernando III de Castela (1217-52) e León (1230-52), ratifica ó mosteiro de Santo Estevo de Rivas do Sil as cédulas outorgadas por Alfonso IX en 1214, confirmando doazóns e privilexios dos seus antecesores. Castrojeriz (Burgos). *"Facta carta apud Castrum Xoriz, V^a die iulii, Era M^a CC^a septuagesima"* [1232 dC.]

1233. *Pelagio Arie* pacta co abade de Santo Estevo: *pactum cum Pelagio Arie... conuentus concedunt ... Pelagio Arie et Marie Roderici, medietatem ex omnibus hereditatibus predicto mosteiro pertinentibus quas...habet in Sancta Maria de Don Franquia, in Casasoa, in Almouti*, [a metade de herdades que son do mosteiro por dereito en Donfranke, Casasoa, Almoite],... *Similiter de quanto recuperar sive obtinere potuerint per iudicium in cauto de Maceeda, et de Bustavali*

quos Pelagius tenet pro sua hereditate, debet Pelagius et Maria habere medietatem [de igual forma, do que recuperase o mosteiro por dereito no coto de Maceda e de Bustavalle, que don *Paio* cre herdade súa, debe de ser a metade de *Paio e María*]. A acta refire herdades do mosteiro: as que ten por dereito en Donfranke, Casasoa, Almoite e outras como os cotos de Maceda e Bustavalle, que don *Paio* cre herdanza súa, pero que deben *Paio e María* ter a metade, mesmo se gaña o xuízo S^o Estevo. Ademais, o pacto incluía protexer ó mosteiro. Don *Paio* deixou libre ó mosteiro a herdade que del tiña e eran do mosteiro, menos os cotos de Maceda e Bustavalle. No 1233 é *Tenente Limiam Pelagio Arie*, e en Maceda erguerá a súa torre para vivir nela coa súa dona María Roderici.

1380. Juan I de Castela (1379-1390) sentenza contra Juan Pérez de Novoa, o señor de Maceda, que deixe a tenencia do coto de Bustavalle ó non ser o seu señor, séndoo o M^o de Xunqueira de Ambía. Con todo, en 1419, Leonor [Enríquez] Castro (+1427?), Viúva

de Juan Novoa (señor de Maceda, fillo de Juan Pérez), co quen casou en primeiras nupcias en 1392, vende sen ser seu, o anterior coto ó seu irmán, o duque de Lemos Fadrique Enríquez, ambos os dous fillos de Pedro Enríquez de Castela, poderoso conde de Trastámara, Lemos e Sarria e Isabel de Castro, así bisneta de Alfonso XI de Castela, e enlaza a estirpe Enríquez coa Novoa, agora xa señora de Maceda, Xa no século XV, Fernando Enríquez [señor de Allariz e Celanova], fillo do almirante de Castela Alonso Enríquez [1354-1429], neto de Alfonso XI, casa con Leonor de Novoa [n. 1360], Sra de Maceda, sobriña do anterior Juan, como afirma o sartego de S. Francisco de Ourense. Aínda en 1493, os Reis Católicos ordenan unha executoria contra o conde de Lemos, Rodrigo Enríquez Osorio recoñecendo o señorío do convento de S^a M^a de Xunqueira de Ambía sobre o coto de Bustavalle. O ducado de Lemos pasou despois á casa de Alba.

1611. Dátase a Francisco de Noboa Salgado, comisario do S^o Oficio, como abade de Zorelle, que



Blasón de Fco. de Noboa Salgado en Zorelle



Armas de los Vázquez en Bustavalle



Escudo en Abavides. Casa de los Sres. de Bustavalle



pinta e se sepulta con brasón no templo que sería obrado seguramente no primeiro cuarto do século XVII, sendo a igrexa patronazgo laical, o seu curato era presentado, da casa de Monterrey e despois da de Alba por asimilación do título. O campanario do edificio presenta semellanza de solucións construtivas coas torres campanario próximas como a de Xunqueira de Espadañedo feita en 1801 e a torre central sur do Santuario dos Milagres (construído entre 1731 a 1769), obra do arquitecto beneditino frei Plácido Igrexas, responsable da fachada de Sta. Eufemia de Ourense obrada de 1769 a 1770 (con brasóns de Novoa Enríquez) que toma elementos de Casas Novoa e Simón Rodríguez, o tipo de torre, feitos por entón en Santiago. Desde finais do século XVI, pero sobre todo durante o XVII e XVIII, constrúese todo o patrimonio relixioso da parroquia que inclúe as **capelas** de estilo popular prerrománico e fachadas barrocas de **Bustavalle**, reformada no XIX, a de **Casasoa**, xunto e fronte ó Pazo, suponse erixida entre o XVII-XVIII pola súa clara fachada barroca, aínda que exhibe un óculo ou ollo de boi, moi abundante en construcións desde o XVI; a de **Calvelo**, polo seu acabado suponse a máis moderna das tres, quizais se erixiría a finais do XVIII.

Tamén mobles, imaxes e

elementos relixiosos corresponden a esta época de fervor relixioso derivado da Contrarreforma de Trento, como a cruz procesional realizada mediado o s. XVII polo prateiro valisoletano Isidro de Montanos, ou a talla de Santiago dacabalo en Clavijo ou “matamoros”, talla do XVIII en madeira policromada sobre peana.

Así mesmo, eríxense por toda a parroquia **petos de ánimas**, manifestación de culto ós mortos, moi arraigado na mentalidade galega, onde os vivos ofrecían ofrendas pola salvación das almas en pena do Purgatorio, unha das novidades da Contrarreforma do XVII, construídos pola devoción dun fregués ou os veciños do lugar, de antigüidade finais século XVIII a XIX, dos que restan o de **Zorelle**, obrado no século XIX. Outro en **Calvelo** do século XIX que destaca un relevo en pedra policromada. Igualmente se levantan **cruceiros**, un con signos de antigüidade á entrada do pobo en **Calvelo**, outro en **Zorelle** no século XX preto da igrexa parroquial.

1752. O catastro de Ensenada declara os cotos de propiedade territorial vixentes nese ano, todos de señorío. Coto de Bustavalle co propio lugar, Lamas, ambos da freguesía de Santiago de Zorelle e Piuca (Arauxo) da de S. Pedro de Manzaneda e titular o VI Marqués de Malpica, Joaquín M^a Pimentel e Álvarez de Toledo (+1792); Coto de

Zorelle que integra o propio lugar e Calvelo, freguesía de Santiago de Zorelle, sendo titular a X Condesa de Monterrey, XI Duquesa de Alba, María Teresa Álvarez de Toledo e de Haro [1691-1755]; Coto de Casasoa con só o lugar, freguesía de Santiago de Zorelle, titular Juan Manuel Pardo Arenillas, veciño da cidade de Ourense, que figura en 1726 no testemuño de deslinde co de Pereiro de Aguiar, propiedade do morgado de Allariz.

1784. Sobre o dintel dunha xanela do lenzo norte da reitoral de Zorelle figura tal ano.

1789. Data en que se inicia a colección dos libros parroquiais son de 1789, aínda que o de fábrica é de 1802.

1809. Consta no arquivo diocesano Ramón da Veiga como Mestre canteiro da obra en pedra na reitoral Santiago de Zorelle de Maceda.

1823. O 14 de agosto os constitucionalistas [liberais], na súa retirada cara a Ourense mataron en Casasoa a 16 presos, catro deles clérigos, dos que un deles era frade de Montederramo.

1865. Ano en que se pinta (“*pintose en 1865*”) o retábulo Maior da igrexa parroquial de Zorelle, aínda que o moble de estilo manierista é de inicios do século XVII, obra dun discípulo de Juan de Angés o Mozo, escultor leonés afincado en Galicia desde 1587

seguidor do estilo de Juan de Juni, tamén autor do retábulo de Xunqueira de Espadañedo. De relativa antigüidade, na súa maioría séculos XIX-XX, son os abundantes *hórreos* na parroquia, unha construción popular esencial no labor agrícola para gardar e secar as mazurcas de millo, dispersa polos pobos ou concentrada en grupos nas súas prazas. *Bustavalle* poida que exhiba o máis destacado xunto á capela e a estrada, cuxos donos foron da Casa Grande, mostrando o seu prestixio e riqueza. Seguramente erixido no XIX. Tamén *Zorelle* conserva un conxunto de 8 vellos *hórreos* do s. XIX, hoxe restaurados, no “Souto”, xunto á estrada. 1956. Os veciños de *Bustavalle*, con beneplácito do alcalde nado no pobo da época Antonio Caramés Pato, erixen a fonte en forma de obelisco tocado de xugo e frechas que encosta un pilón máis moderno (1965) para o gando. Posteriormente cubriuse de símbolos máis actuais do concello (escudo) e da Asociación cultural de Bustavalle/Zorelle (Vacameiga), desaparecido o primeiro (2014) e destruída por vandalismo a segunda en 2013.

1960. Calvelo constrúe outra fonte similar á anterior con forma de obelisco de tres pedras troncopiramidais, tamén adornada co xugo e as frechas e a data de construción en relevo.

2008. En decembro édítase o

nº 1 da revista “O Adro” da Asociación Cultural Bustavalle-Zorelle, cuxa divisa é a “Vacameiga”, ver fonte, que homenaxea a maxia e a vaca como elementos que definen o espírito do territorio.

Miscelánea anecdótica de lugares da parroquia.

Bustavalle: Era un dos cotos do Mº de Sº Estevo de Rivas de Sil, dos que o Tenente Aquilare Paio Arias se apropia en **1233**, como ‘herdade’ rosendiana. En **1333** dátase a *Vasco Sánchez*, cura na *freguysia de Santiago de Çorelle* (s/escritura do Mº S. Pedro de Rocas). En **1932** é vendido un escudo con armas da Casa Grande que domina desde a súa situación o pobo e era solar de Losadas segundo declaraba abade de Chamosiños en 1777 (“En Bustavalle, é moi distinguida a familia e casa que era dos Losadas”). En Abavides (Tramiras) hai unha casa brasonada que chaman “Casa que chaman dos Sres. de Bustavalle”. Outras novas na historia do pobo son litixios de xustiza entre os veciños de Bustavalle e os de Niñodagua por tala no monte Lagariños en **1611** ou o de Domingo e Jacobo Alonso polo pago de rendas a Martín Pérez en 1736. Tamén preitos de nobreza ante a Chancelería de Valladolid (Sala de Fillosdalgo) en **1816** sinalan a netos de Francisco Antonio Vázquez (nobre en **1752**).

En Bustavalle fíxose unha rama Vázquez de terratenentes e foreiros de terras, que despois reaforaban, procedente do Coto de San Cebrián (Lugo). José Vázquez de Nóvoa, a mediados do s. XVIII, tivo preitos de xustiza polas rendas que cobraba, como cando en **1715/16** o procurador xeral da xurisdición de Montederramo Pedro García demándao sobre o pago das rendas do voto (renda obrigatoria, 1 % da colleita) no partido de Maceda de Limia. O brasón dos Vázquez radicados en Bustavalle e despois estendidos a América trae en campo de ouro seis roeles de sinople en dous paus da tres e orla con catro espadas de azur encebadas de sabre s/Vicente de Cadeas (Repertorio de Brasóns, 1985).

Vilarellos aparece en 1520 polo asasinato de Fernando de Vilarellos por tres veciños de *terra de Maçenda* (Juan e Vertolameu Pato con Gonçalo Pateiro). Tamén en **1525** se rexistra no Mosteiro de Santo Estevo de Rivas de Sil a Juan López de Martín e Leonor Álvarez aforando a Álvaro de Vilarellos e Inés Fernández o lugar de Condelle.

Lamas do Monte, testemuña a data de **1895** nun dintel de xanela dunha casa grande hoxe en restauración.





Cal Cortegal

Cizarragulas

Cal Belem
Nehemia

OCEANUS CANTABRICUS

C de las penas de guzman



GALLICIA
Legio, et Asturias
de Oviedo.